



**ARDE**  
Adela Figueroa Panisse  
Lugo, abril 2022.

Arde o monte, arde!!  
Lá vão os garanos, suas crinas ao vento  
fugindo do espanto das suas poutas de fogo,  
no espaço ressoa seu arfar sem alento  
seus pesunhos assustados batem no meu peito  
através da montanha que lhes dava sustento.  
Profanada, Sagrada  
Cavalgam suas patas no soalho petreo.

Lume e fume afogam minha terra  
sofredora inocente do negocio de arder.  
Massas árvoreas amadoras do fogo  
imensos eucalitais  
estendem seu domínio sobre um solo esterilizado.

Terra preta castigada por um Deus  
inclemente e destrutor  
a serviço daquele anjo que inventara o inferno.  
Não se ouvem passarinhos, nem voam as borboletas  
sobre a antiga frouma  
agora cinsa preta.

É o domínio do escuro  
é o reino da cobiça  
é o fim do paraíso  
é a destruição do futuro.  
É apenas um presente em modo condicional  
ligado a um sinistro plan(o)  
que rende a Galiza dependente.

O lume que todo destrói e todo desinfeta  
chama polo seu Fenix  
que desenhe um amanhã  
junto da florinha branca que nasceu naquela fenda  
que as águas abriram e semearam  
aló em baixo, num maino fondal.  
Olhai seu amarelinho umbigo  
orgulhoso e destemido  
erguer-se na procura do sol!  
Na sua beira um carvalhinho  
tímido,  
estreia sua primeira folha que o doce vento arrola.





## FUEGO

*No se puede comprender ni justificar, los datos de incendios en ese periodo en Galicia, basándose en la casualidad, circunstancias o destino.*

*Solo a través del impacto de la depredación y destrucción del ecosistema por medio de la mayor plaga conocida: "La marabunta humana"*

El lugar era virgen y frondoso regado por el río que alimenta y une dos culturas, cada especie tenía su espacio, convirtiéndose en un ejemplo de convivencia y simbiosis.

La más bella manifestación del equilibrio, hasta que interés espurios (no creo en la casualidad) provocaron la devastación de aquel vergel: el fuego creó la macabra uniformidad del paisaje, pintando de un gris ceniza lo que antes había sido una paleta de colores. Surgió el silencio sustituyendo a la sinfonía de la tierra. Y lo que era un jardín, se convirtió en un paisaje desolador.

Literalmente, todo quedó reducido a cenizas.

Pero a pesar de esa devastación, a pesar de la amoralidad e inmoralidad de tales actos, tal como ave fénix, aquel lugar, siguiendo los ciclos y con la fuerza que rige el universo, comienza a parir rasgos de color. Y con la pintura llega el sonido y la vida.

Y una vez más resurge "Gaia" con fuerza, como ejemplo de persistencia, aunque tengan que pasar muchos años hasta ser lo que antes fue.

Y una vez más se pone en evidencia la incapacidad de la humanidad de aprender de sus errores y de sus experiencias.

¡ HASTA CUANDO, YA NOS HAN ECHADO UNA VEZ DEL PARAÍSO !  
¡CUIDADO!

Alfonso Aydillo





## ARDER

- flor casa do incendio -

Ardíamos  
era un secreto branco

arder

ardíamos

cativos das flores

Arder  
arder

A casa e o ñío  
ver absortos a chama  
e a súa pegada no aire  
e a súa neve negra

a súa leve cinza  
tan avermellada  
tan sangue de esquecemento  
tan estrañamente unha vertixe  
dun prado iluminado  
sen herba  
sen murmurio de fonte  
sen ti que ardes

ardes

Anxo Pastor





## A PENA SOBRE PENA VEIDOSA

Choven lapas de lume de embaixo a enriba.

Choven mortíferas e vehementes.

Choven acalando a vida vexetal, animal e mineral.

Choven tornando opaco ó pasado, negrexando o presente, contaminando o porvir.

Choven bágoas de aflicción, desolación e pena; pena sobre a Pena Veidosa.

Choca que haxa xentes que estraguen a Terra.

Choca, e colide, co intelecto e a Natureza choca.

Chocan esas chocas testas que feren os seis sentidos...  
(común incluído).

Choco, chocamos, choquei e chocaremos sempre, cos secos fillos do deserto.

Choco, lacerado e siamés coa Pena Veidosa, como gromo verde de reanimación e bonanza.

Chora a Serra Martiñá polas peladuras da súa codia.

Chora o Rio Arenteiro dende o seu berce húmido e cativo.

Chora Oseira, chora Carballedo, chora San Cristovo de Cea,  
coléricos e danados.

Chora o Monte Faro ollando ás catro provincias ardendo polos catro costados.

Chora Galicia, choran os bos e xenerosos, o mundo enteiro tamén chora a pena sobre Pena Veidosa.

Armando González López





## O FOGO, AS FRONTEIRAS.

Durme na serra adentro,  
deus primigénio!

Asubía o vento en agonías  
lamentos das árbores ,assassinadas,  
á procura das queimadas sementes  
das picudas landras en tizóns negros feitas!

Durme un longo soño, unha ausencia,  
os centeos graus e os trigos arderon!

U-la as miñas sementes están?

Rousan tronos polo ceo!

Caen pingas de chumbo nos penedos!

durme o Larouco no tempo,  
nas entrañas penedías da súa serra

durme fera xenreira,  
unha febre que o consume,  
un odio que o entolece !

U-la os homes dos castros?

U-la os dos vales baleiros?

Onde as augas dos ríos,  
os muíños, os rodicios, os eixos,  
as espadas, as adargas, os coitelos?

Onde os homes que se foron,  
as mulleres, os meniños e os vellos?

O Larouco dorme só,  
só consigo mesmo  
furibundo e carraxento!

Chegar un día há  
en que faga que a serra revente  
en que o deus da montaña  
se erga dende o seu leito,  
levante sagrado martelo  
e con manicho raio  
xunga aos dous povos gemelgos!

Benito Eladio Rodríguez Fernández. 17.01.20





## O que sabemos do incendio

Coñecemos o nome do lume  
a textura, o tacto e o gusto  
catro, oito apelidos de cada labarada  
o número exacto de copas de augardente  
para convidar a veciñanza no velorio  
—contando co grolo para o morto—  
os cantos que se murmuran en estado de tronso  
arredor do cadaleito, cando a vergoña  
impide a pronuncia da culpa.

Intuímos o berro da fraga  
o voo errático da ave do paraíso  
perdendo o equilibrio co peso do inferno nas ás  
o cartel que anuncia a venda da terra ó mellor ofertante  
o prezo marcado coa tintura das flores de opio  
o adormecemento que provoca a fumeira e a néboa  
os pesadelos comunais, o telúrico xeito  
de ollarmos sempre en dirección contraria.

Sabémoslle o prezo á terra, tamén bailamos co rito  
na poxa das escasas pingas de choiva que nos restan  
do ouro que nos vai queimando as uñas, delatando  
as faces de repostro que levamos na faldriqueira  
para corrixir a constante inclinación da dignidade.

Sospeitamos cal é a nosa maior habelencia  
construír palíndromos cos alcumes de todo un pobo  
sen fregar sequera o segredo que delata a aldea  
ou a montaña que pare as fillas combustibles.

Entendemos o mecanismo da refracción  
como queima a superficie interna da terra  
mentres se pronuncia o pleonasma  
—pés descalzos—  
como arde un ollo trala lupa  
en cantos anacos esnaquizar un espello  
para que a formiga coñeza o ego e os seus efectos  
intres antes do exterminio das irmás.

Sabemos mastigar o vidro e o carbón  
como indicarlle ó cadáver por onde debe pisar  
cal é o atallo que leva ó interior da foresta  
como se lle mente á prole con falsas lendas  
cando a negrura da pel racha cos mitos, os dentes  
e a dignidade antes de atravesar o esófago  
e replicar o baleiro do mundo  
na famélica metáfora do incendio.

Carlos Da Aira



**Moito máis que a terra**  
Celia Parra

Un crepitar xordo,  
soterrado.

É o que queda de nós, alongando as mans na procura do encontro.

Raizame desnortada  
tateando e cega,  
a tarefa de reaprender os camiños  
que esborrallou a cinsa.  
Transitar as pegadas dactilares  
sen o compás dos seus sucos.

O lume levou a forma do aire entre as follas  
a música secreta da sombra  
a codia daquela árbore que abrigaba aos amantes  
as palabras prendidas en cada anel.

Hai unha parte de nós que nunca volve.  
Tampouco os paxaros.  
Durante moito tempo, tan só un silencio estéril abrasando o aire.

Arder,  
cortar a comunicación co pasado.

Perdemos moito máis que a terra.





El incendio es un baile cósmico, un movimiento ascensional hacia lo negro.

El fuego, como bailarina que se cimbreo, serpiente y llama, convocando a las fuerzas del asombro, de la muerte y de la nada.

Para que luego todo se regenere,  
para que la danza circular de lo vivo vuelva a su ser,  
para propiciar la incontrolable fecundidad del color.

Fernando Ferro







En el voluble dorso del alma  
Dejo escrito un mensaje.  
Oculto las palabras.  
En la corteza del árbol dejo símbolos de una realidad.  
En mi excesiva ausencia  
Descubrí el temblor ante el fuego.  
Habito en el eco y la naturaleza del hontanar,  
De ahí surge el grito y la cercanía de los pájaros.  
Del quemado bosque, palabra a palabra siembro vida,  
Me desbordo y el mundo enmudece.  
Desgrano la presencia en el preciso instante en dónde el horizonte nace,  
Y es tiempo de creación posible.  
Palabras que son hondura de nutridos cuerpos.  
El árbol es cuerpo, es iluminación que va más allá de la noche  
Y claudica en el desnudo eco de la palabra sometida a la intemperie,  
Cómo el rumor de las olas que rompen la interminable memoria del mar.  
Tengo el destino de acariciar cercanías, voz que se instaure en el fuego,  
En otredades, en identidades rompiendo el cielo.  
Tenemos la gratitud de ser distancia, novedad que en todo encuentro acontece,  
Lo único que debo nombrar, lo que brota entre el sentido y el encuentro.  
Abomino esas cenizas de árboles que los incendiarios nunca dejaron madurar.

Juan Seoane.

